



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 13 DE MARZO DE 2014

#### ASISTENTES:

##### PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

##### CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)  
D<sup>a</sup> MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ REGO (PP)  
D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)  
D<sup>a</sup> ROSA MARÍA PÉREZ GRADAILLE (PS deG-PSOE)  
D<sup>a</sup> ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (PSdeG-PSOE)  
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (PSdeG-PSOE)  
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (PSdeG-PSOE)  
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)  
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

##### INTERVENTORA

D<sup>a</sup>. PAULA CAMPOS RODRÍGUEZ

##### SECRETARIA

D<sup>a</sup>. ANA BARREIRO GÓMEZ

No salón de xuntas do concello de Foz, sendo as vinte e unha horas do día trece de marzo de dous mil catorce, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o concello pleno, baixo a presidencia do señor alcalde presidente don Javier Jorge Castiñeira, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Asiste a interventora, habilitada estatal Paula Campos Rodríguez e actúa de secretaria a habilitada estatal Ana Barreiro Gómez.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho do asunto incorporado á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-** Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 10 de marzo de 2014 relativa ao asunto do epígrafe, cuio teor literal di:

#### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Visto que se aprobaron, mediante a Resolución de Alcaldía de data 21 de novembro de 2.013 de inicio de expediente, do contrato de servizos para a “PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS”, e os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexeran a adxudicación do contrato, de por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, e que, así mesmo, foi autorizado o gasto e aprobado o expediente, por acordo plenario de data de 26 de decembro de 2013.*

*Visto que presentaron ofertas as empresas:*

*-SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.. – Verxeles nº 20 - Viveiro*

*-SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L. – Manuel Leiras Pulpeiro, s/n - Lugo*

Visto que se constituíu, o día 26 de febreiro e 7 de marzo de 2014, a Mesa de Contratación e este, tendo en conta as ofertas presentadas, realizou unha proposta de adxudicación a favor de **SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.**

Despois de examinar a documentación achegada e de acordo con ela e co establecido no artigo 151, 146, 64.2º e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Propoñer como adxudicatario do contrato de servizo para a “**PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS**” por procedemento aberto por dous anos, a **SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.** – con N.I.F:B-27.333.160 por un importe anual de 319.104,00 Euros máis 12.672,00 Euros de IVE, o importe da adxudicación ascende a cantidade de 638.208,00 Euros máis 25.344,00 Euros de IVE, con 73,39 puntos, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa, quedando en segundo lugar **SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L** -con N.I.F:B-27.348.614 con 52,27 puntos presentando unha oferta económica por un importe anual de 324.000,00 Euros máis 12.960,00 Euros de IVE.

**SEGUNDO.-** Que se lle notifique esta decisión e se lle requira a **SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE, S.L.** – con N.I.F:B-27.333.160 que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días hábiles, de acordo co artigo 64.2 e do artigo 151.2º do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- O enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións
- E de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.
- E de ter constituída a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE..
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, orixinal ou copia compulsada da alta no IAE referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; e no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.
- Cando os licitadores tivesen concorrido en Unión Temporal de Empresas, a correspondente escritura de constitución.
- Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro que lle reclame o órgano de contratación.
- O orixinal ou copia compulsada da inscrición no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

**TERCEIRO.-** Que se lle notifique esta proposta de adxudicación a **SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L**, con N.I.F:B-27.348.614”.-



## **CONCELLO DE FOZ (LUGO)**

O Señor Alcalde pide o voto para aprobar a súa urxencia ao ser un asunto sen dictaminar pola Comisión informativa, que é aprobado por unanimidade.

O Señor Alcalde manifesta que se trata dunha proposta dentro do procedemento de contratación aberto no que se presentaron dúas empresas SAN ROQUE e SERVITAL, vai para a oferta máis vantaxosa de acordo co postosto coa Mesa de contratación.

A Portavoz do PSG-PSOE manifesta que están de acordo con que se sacara a licitación do contrato, votouse a favor da súa aprobación porque cumpre os requisitos legais, dentro dun procedemento aberto e legal, e a diferenza entre ambas empresas é moi importante.

O Portavoz de UNIFOZ manifesta que non está de acordo coa proposta, porque ese servizo deberíase de levar a cabo con persoal do Concello, pero si coa súa legalización, pero non coa premura e eles primarían máis a prestación que a oferta económica.

O Portavoz do BLOQUE MIXTO manifesta que non está de acordo coa externalización do servizo, porque é a empresa a que se leva o beneficio e os traballadores están en precariedade.

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a transcrita proposición a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PP e PSOE
- Votos en contra: UNIFOZ e BLOQUE-MIXTO
- Abstencións: Ningunha

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

**PRESTAR APROBACIÓN AO CONTIDO DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA REFLECTIDO ANTERIORMENTE, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-**

Concluído o anterior, ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

**A secretaria,**  
**Ana Barreiro Gómez**

**O alcalde,**  
**Javier Jorge Castiñeira**

**(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)**